



ENTREVISTAS #EQUIPO GALARIA

"Cada vez usamos máis sistemas de diagnóstico baseados en contornas informáticas"



Celso Diz

Xefe do Servizo de Sistemas e Tecnoloxías da Información de Galaria

Celso Diz está á fronte do departamento TIC de Galaria, "en constante innovación e desenvolvemento", pero coa prudencia que implica garantir sempre a seguridade. "Cada día é máis difusa a barreira entre o que é equipamento médico e o que é informática, o que abre un incremento exponencial da capacidade de recompilación, almacenamento e procesado dun maior volume de datos", indica.

Se falamos da infraestrutura sanitaria e do organigrama de Galaria, quizais o departamento que dirixes pode ser o gran descoñecido. ¿Cantas persoas conforman o equipo e cales son os seus perfís?

Entendo que non é así, a informática está cada día máis presente nas nosas vidas e se nos referimos a Galaria ou ao sistema de saúde en si mesmo, cada vez usamos máis sistemas de diagnóstico baseados en contornas informáticas. O noso departamento na actualidade está composto por tres persoas, sen contar as que teñen beca que van pasando ano tras ano e botan unha man e aportan o seu traballo e ilusión.

Como se coordinan os sistemas e tecnoloxías da información dentro dunha organización sanitaria e cales son as súas principais complexidades?

A sanidade, se nos referimos á informática, é unha área en constante innovación e desenvolvemento, pero quizais non é posible aplicar todos os novos fitos dun xeito inmediato pola seguridade. Non só a nivel da sensibilidade da información a tratar, senón pola importancia de garantir a seguridade e eficacia do tratamento que se traslada o paciente, o que implica moitos niveis de control antes de que se poda aplicar esa nova tecnoloxía.





Celso, esquerda, Greco e Javier forman o equipo de Sistemas e Tecnoloxías da Información de Galaria

De qué servizos estades encargados dentro de Galaria?

Cada día é máis difusa a barreira entre o que é equipamento médico e o que é informática. O bo disto é que esa converxencia está potenciando as posibilidades xa non só no campo da exploración, senón tamén as que abre o incremento exponencial da capacidade de recompilación, almacenamento e procesado dun maior volume de datos.

Xestionar o acceso aos sistemas de información e tecnoloxía en saúde ten moitas complexidades e manéxase material sensible como datos persoais de pacientes. Cales son os principais retos neste aspecto?

O valor da información mídese polo retorno económico que se pode obter. Se temos en conta que o volume de negocio que se está estimando que pode mover a nova tecnoloxía sanitaria e as novas posibilidades que pode aportar a IA a sanidade estase medindo en billóns, danos unha idea do valor dunha base de datos con información sanitaria axeitada para adestrar algoritmos de IA.

Asemade, os datos son fundamentais para os avances na medicina predictiva e personalizada,

para a detección precoz de doenzas e para o desenvolvemento de terapias avanzadas, coa colaboración público-privada como clave para unha correcta utilización dos datos.

A ciberseguridade, sen dúbida, é un dos principais desafíos en todas as organizacións. Cales son as armas de Galaria e do Servizo de Saúde para non ser vulnerables?

Efectivamente, a seguridade e autenticidade da información e a dispoñibilidade do servizo son os obxectivos prioritarios. Contar cun departamento de seguridade que monitoriza a actividade da rede as 24 horas e os 365 días do ano é un traballo invisible, pero constante, de instalación, actualización e parcheado de software, así como a constante instalación de sondas e detectores en colaboración co CCN, que é o principal garante da ciberseguridade en España, permiten acadar eses obxectivos.

Qué tecnoloxías estades implantando? Empregades a IA?

Como comentaba o importante da tecnoloxía aplicada o paciente é que sexa segura, tanto se falamos legalmente coma medicamento, e para iso é imprescindible que existan os ámbitos regulatorios axeitados.

Aos sistemas públicos bótaselles en falta a súa lentitude en certas situacións, pero tamén é certo que a cambio unha vez que se inician, os procesos son seguros e grazas a unha base ben dimensionada, acaban superando os seus obxectivos.

Como exemplo, falemos da IA en países coma os EEUU, onde a propiedade dos datos susténtase en acordos privados e non en regulacións. Por exemplo, se conduces unha certa de marca de coches, o teu seguro de automóbil e de vida víase incrementado porque o uso do navegador implicaba que os teus hábitos de conducción eran cedidos ás empresas aseguradoras.

Neste momento xa temos un marco regulador a IA, tanto a nivel europeo como incluso autonómico e tamén unha información sanitaria codificada segundo os estándares internacionais, polo que nos vindeiros anos tanto a implantación coma os resultados acadados serán exponenciais.

Cales son os retos de futuro no teu departamento e as ferramentas que cres que serán fundamentais para facilitar a vosa tarefa?

A mesma tecnoloxía xa é un reto por si mesma, e asemade veremos grandes avances que implicarán a implantación de máis sistemas informáticos. É certo que os novos sistemas parece que permiten que fagamos máis tarefas o mesmo tempo, pero aí xorde a invisibilidade do noso traballo.



Se imos ao teatro, unha grande produción precisa de bos actores e de profesionais detrás do escenario, e na informática en cambio hai poucos actores no escenario pero moitos traballando na sombra e, cada vez da vez vaise precisar de máis e mellores tremoístas para afinar unha maquinaria cada vez máis complexa.

A formación do cadro de profesionais de Galaria en uso das tecnoloxías é clave, tamén para garantir a seguridade. Cales son os puntos fortes da vosa formación de cara ao persoal?

Coma outros profesionais da sanidade a formación continuada forma parte do noso traballo e é fundamental aprender novas tecnoloxías, tamén a nivel usuario entre o equipo que forma Galaria, e implicar a todo o cadro de persoal nas boas prácticas, como por exemplo en ciberseguridade, porque é tarefa de todos.